



MOBILIDADES ERASMUS+ PARA PERSOAL **CURSO 2021/2022**

PROXECTO: 2021-1-ES01-KA121-VET-000007239

CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN

Obxecto da convocatoria:

O Equipo de Programas Internacionais convoca o profesorado de ciclos formativos DE GRAO MEDIO do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades Erasmus+ que se realizarán durante o presente curso.

Cantas prazas se convocan?

Un total de **unha (1) praza para profesorado** que imparta docencia en ciclos formativos de grao medio.

Quen pode solicitar as mobilidades?

Profesorado que imparta docencia en ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

Cando se pode realizar a mobilidade?

A mobilidade poderase realizar dende que se publique a lista definitiva de profesorado seleccionado ata o 30/11/2022.

En que país se pode realizar a mobilidade?

En calquera país da UE, tanto nos territorios continentais coma nos insulares, pero ten que ser fóra de España.

Ata cando se pode solicitar?

O prazo para solicitar a participación no proceso de selección é dende o día **27/04/2022** ata o **29/04/2022** (ambos inclusive).

Que se pode facer durante a mobilidade?

Algunha das seguintes actividades:

- **Docencia**: impartir clases nun centro no estranxeiro
- **Aprendizaxe**: recibir formación nun centro/entidade no estranxeiro (non é posible facer formacións en idiomas)
- **Job shadowing**: coñecer o proceso de ensinanza nun centro no estranxeiro, ou aprendizaxe nunha empresa

Como se pode solicitar participar neste proceso de selección?

Hai que cumprimentar os datos requiridos no formulario <https://forms.gle/bbTHx5RsjY3qnPDi8> e achegar no propio formulario a seguinte documentación:

DEPARTAMENTO DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS

p-internacionais@iesjohancarballeira.com



- Curriculum Vitae en formato Europass (<https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv>).
- Calquera outra documentación xustificativa dos criterios de baremación.

Cal sería a duración máxima da mobilidade e o importe aproximado da beca?

A duración máxima da mobilidade sería de 5 días e a axuda promedio total sería de 800 €.

Cales serán os criterios de selección?

Os criterios resúmense nestas táboas:

ANTIGÜIDADE NO CENTRO (máx. 5 puntos)		
Con data destino definitivo	> 5 anos	5 puntos
Con data destino definitivo	<= 5 anos	3 puntos
Con data destino provisional	> 3 anos	3 puntos
Con data destino provisional	<= 3 anos	1 punto

Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo no caso de que sexa diferente ao do país de acollida (máx. 5 puntos)			
Certificados Oficiais	Nivel	C1	3 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C2	3 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B1	1,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B2	1,5 puntos
Outros certificados	Nivel	C1	1,5 puntos
Outros certificados	Nivel	C2	1,5 puntos
Outros certificados	Nivel	B1	0,75 puntos
Outros certificados	Nivel	B2	0,75 puntos

Competencias lingüísticas en línguas diferentes ás do país de destino (máx. 5 puntos)			
Certificados Oficiais	Nivel	C1	2 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C2	2 puntos



Certificados Oficiais	Nivel	B1	1 punto
Certificados Oficiais	Nivel	B2	1 punto
Outros certificados	Nivel	C1	1 punto
Outros certificados	Nivel	C2	1 punto
Outros certificados	Nivel	B1	0,5 puntos
Outros certificados	Nivel	B2	0,5 puntos

**Competencias persoais e actitudes
(máx. 1 punto)**

	A puntuar por:	
Idoneidade de profesorado	Equipo directivo	0,5 puntos
Idoneidade da institución de acollida	Equipo directivo	0,5 puntos

**Colaboración co equipo de Programas Internacionais
(máx. 2 puntos)**

Cursos organizados polo equipo de Programas Internacionais	0,5 puntos
Participación en mobilidades europeas	0,5 puntos
Pertencer ou colaborar co equipo de Programas Internacionais	0,5 puntos
Cursos relacionados coa temática de Programas Europeos	0,5 puntos